

LISTA DE ASISTENTES

Alberto Dafonte Gómez •
Alberto Pena Rodríguez •
Ana Belén Fernández Souto •
Ana María Amorós Pons •
Andrés Fraga Pérez •
Beatriz Legerén Lago •
Carmen López de Aguieta Clemente •
Carmen Máiz Bar •
David Formoso Vázquez •
Diana Ramahí García •
Erica Conde Vázquez •
Jose Rúas Araújo •
José Octavio Rodríguez Nieto •
Juan Manuel Corbacho Valencia •
Julia Fontenla Pedreira •
Julinda Molares Cardoso •
María Isabel Míguez González •
Talía Rodríguez Martelo •
Vicente Badenes Pla •
Fortunato Rodríguez Fernández •

DISCULPAN AUSENCIA

M^a Isabel Moreira Recamán •
Ana María Iglesias Álvarez •
Roman Pereiro Rodriguez Lepina •
Silvia García Mirón •
Luis Xabier Martínez Rolán •
Iván Puentes Rivera •

Acta da sesión do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade á sesión ordinaria que se celebrou o **mércoles 7 de abril de 2021**, ás **13:15** horas en primeira convocatoria e as **13:45** horas en segunda convocatoria na **Sala de Xuntas 1**, con código de acceso **vdprMuri** da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do 17 de decembro de 2020 e das sesións extraordinarias do 27 de xaneiro de 2021 e do 18 de febreiro de 2021.

Aprobadas por asentimento.

2.- Informe do director.

- O director comeza agradecendo a administrativa responsable de cotexar a produción científica o seu traballo.
- Comunica que estamos a espera de recibir autorización para comeza a facer o POD. E confirma que este farase en dúas fases. A primeira a través de e-mail. Cada profesor expresará as súas preferencias, tendo en conta os seus descontos. Con posterioridade procederase a manter una reunión presencial cos docentes a tempo completo e despois outra cos docentes a tempo parcial.
- Informa da situación das prazas ofertadas polo departamento, indicando que se dará máis información no punto relativo a asuntos de profesorado.
- Comunica o restablecemento do profesor Sergio Frade.
- Felicita o novo doutor do departamento. O profesor Andrés Fraga.
- Informa de que a profesora Julinda Molares solicitou a conxolidación da súa situación, no concurso ofertado pola universidade de Vigo para a estabilización dos profesores asociados que se atopan acreditados como contratados doutores.

3.- Avaliación e aprobación, se procede, dos méritos de produción de investigación e transferencia correspondente o ano 2020.

O profesor Alberto Dafonte informa que tanto el como outros compañeiros tiveron problemas no momento de xustificar algúns méritos, como pode ser a edición de libros, que poden tardar meses en ser editados. O profesor Xosé Rúas confirma que tamén el se atopou con problemas, xa que moitas veces as editoriais non fan constar a filiación dos autores. E o mesmo pasa con outros méritos como a revisión de artigos científicos, xa que nos certificados de avaliación non sempre figura a filiación do revisor, tal como afirma a profesora Beatriz Legerén.

O Consello toma a decisión de facer una reclamación de forma conxunta á Vicerreitoría relatando esta situación.

A profesora Isabel Míguez pregunta por que os méritos non están validados, e se responde que antes deben ser validados en primeira instancia na area.

Apróbanse pos asentimento.

4.- Asuntos de profesorado.

O director informa que dende este ano é factible que un docente dentro da area poida asumir máis docencia da que lle corresponde se fose necesario, que esas horas a maiores poden ser recoñecidas de cara a ao POD do próximo ano.

A continuación pasa a palabra a secretaria, que dará información do resto de temas relacionados con profesorado.

Situación das prazas ofertadas pola área.

- Resolta a praza **2020_21_AXD_105** a favor do profesor Iván Puentes.
- Resolta da praza **A0105-AX2TC-6** a favor do profesor Vicente Badenes.
- A praza **2019_20_AXD2_105** segue pendente de resolución. Xa que é necesaria unha nova reunión do comité de reclamacións da universidade.

Modificación do POD.

- Infórmase que debido a continuidade da baixa da profesora Laura Miragaya, e debido a que o profesor Paulino Pérez Feijoo non pode facerse cargo de máis do 50% da docencia, é preciso solicitar unha invitación para cubrir as horas pendentes de ficción. O motivo de solicitar unha invitación é o perfil necesario da formación que se imparte nesta materia e que non pode ser asumida por profesores da lista de agarda.
- Posiblemente sexa preciso solicitar lista de agarda para cubrir a docencia do profesor David Formoso, que se atopa de baixa.

Docencia próximo ano.

- Nestes momentos a diferenza entre a carga básica e a capacidade básica do departamento supón unha diferenza de 478 horas.
- Estamos á espera de coñecer se a profesora Julinda Molares foi preseleccionada no concurso de estabilización de profesorado. En caso de que o sexa, automaticamente habilitarase unha bolsa de 240 horas para unha praza, o que deixa 238 horas pendentes, que non son suficientes para a saída dunha nova praza.
- Ademais, no caso da titulación de Comunicación Audiovisual coa implantación do seu segundo curso, e a incorporación dunha materia nova para a cal non contamos con perfil, posiblemente solicitarase á saída a concurso de prazas de asociados.

Se aproba a solicitude dunha invitación para cubrir a docencia pendente de ficción. A proposta do profesor Paulino Pérez Feijoo es invitar a Ricardo Araújo Gil, antigo alumno que pode asumir a docencia.

5.- Rogos e preguntas.

No caso do POD, pregúntase cal vai a ser o criterio a aplicar no caso de profesores asociados, xa que se presentou unha reclamación a nivel universidade, para que o principal criterio fose o de antigüidade no posto.

O director confirma que ese será o criterio a aplicar, e que cando chegue o momento enviarase a todos os docentes información das normas para a aplicar o POD, así como a orde de antigüidade dos docentes da área.

O profesor Alberto Dafonte solicita información sobre a situación das lista de concurso para profesores acreditados como titulares. O director de departamento comunica que solicitará información á Vicerreitoría correspondente e a fará chegar a todos os interesados.

Sen outra cousa que tratar, péchase a sesión as 14:22

Pontevedra 7 abril de 2021

O director do deptº



Secretaria do dptº